



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia

Promotor: Axencia Galega de Infraestruturas

Expediente: 2021AAE2640

O día 17.12.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito da Axencia Galega de Infraestruturas no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Achega un documento ambiental estratéxico e un borrador da proposta.

Unha vez avaliada a documentación e considerando que:

- 1 A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica e o réxime xurídico que regula o procedemento administrativo.
- 2 O artigo 6.2.c) da Lei 21/2013 determina que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os plans e programas que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos necesarios para ser sometidos ao procedemento ordinario.
- 3 O artigo 30.2 da Lei 21/2013 sinala que, con carácter previo á elaboración do informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá o borrador do plan e o documento inicial estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia). Co obxecto de favorecer a transparencia e a participación cidadá, este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública no portal web deste órgano ambiental por un prazo de trinta días hábiles o documento ambiental estratéxico e o borrador do "Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia".

No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o planeamento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>)

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021